



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Química Analítica Instrumental 2		Código	610G01014
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Química			
Coordinación	Prieto Blanco, María del Carmen		Correo electrónico	m.c.prieto.blanco@udc.es
Profesorado	Andrade Garda, Jose Manuel		Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es
	Gonzalez Castro, María Jose			m.j.gonzalez.castro@udc.es
	Prieto Blanco, María del Carmen			m.c.prieto.blanco@udc.es
Web				
Descrición xeral	Aprendizaxe dos fundamentos básicos, problemas, ventaxas e xestión dalgunhas técnicas analíticas instrumentais. Especificamente, abordaranse: técnicas electroanalíticas, técnicas cromatográficas (cromatografía de gases e de líquidos), electroforesis capilar, análises enzimática e inmunoquímica. Aprendizaje de los fundamentos básicos, problemas, ventajas y gestión de algunas técnicas analíticas instrumentales. Especificamente, se abordarán: técnicas electroanalíticas, técnicas cromatográficas (cromatografía de gases y de líquidos), electroforesis capilar, análisis enzimático e inmunoquímico. The basics, advantages and typical limitations, as well as normal working protocols on several analytical techniques are to be presented. In particular: electroanalytical, chromatographic (gases and liquids), capillary electrophoresis, and enzymatic and immunologic analyses.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen -Sesión maxistral -Seminarios -Proba mixta *Metodoloxías docentes que se modifican -Prácticas de laboratorio. Serán substituídas por prácticas virtuais baseadas nas prácticas de docencia presencial, presentando exemplos reais e incidindo nos cálculos numéricos e na valoración cuali- e cuantitativa dos resultados. -Traballos en grupo. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico. Os estudantes poderán facer consultas ou titorías individuais a través do correo electrónico sempre que o precisen. Moodle. En cada sesión maxistral, seminario e prácticas virtuais animase aos estudantes a consultar dúbidas a través do foro. 4. Modificacións na avaliación Prácticas virtuais (35%). Serán avaliadas a través dos informes que deben entregar os alumnos no Moodle (ferramenta denominada tarefa) nos que se responderán ás cuestións relacionadas coas actividades indicadas e cálculos propostos. Traballos en grupo (20%). Auto-avaliación continua supervisada de traballos en grupo sobre os coñecementos teóricos. Proba mixta (45%). Realizarase unha proba para avaliar os coñecementos adquiridos e o seu manexo. Nesta proba haberá cuestións de tipo teórico e exercicios numéricos, as cales avaliarán os contidos das sesións maxistras e seminarios. *Observacións de avaliación: Tódalas recollidas no apartado de observacións da guía docente. Con respecto ás novas metodoloxías, a cualificación destas acadada na primeira oportunidade conservarase na segunda oportunidade de xullo. No caso de non telas superadas, os alumnos terán a oportunidade de mellorar a cualificación asociada con preguntas relacionadas na segunda oportunidade (proba obxectiva). 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Na biblioteca da UDC tense acceso a unha parte de bibliografía recomendada mediante os recursos electrónicos. Ademais, na plataforma Moodle iranse colocando documentos de apoio para o estudo e realización dos traballos.
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
- Explicar de maneira axeitada fenómenos e procesos relacionados coas principais técnicas analíticas cromatográficas, electroquímicas, electroforéticas, inmunoquímicas e de análise térmico. - Comprender os sus principios, instrumentación, compoñentes e limitacións. - Adquirir, avaliar e empregar calqueira información bibliográfica e técnica relacionada coas técnicas de análise.	A7	B1	C1	
	A15	B2	C3	
	A20	B3	C6	
	A21	B4	C7	
	A24	B5		



- Adquirir destreza no traballo de laboratorio. Nomeadamente:	A15		C3
- avaliar e empregar información bibliográfica relacionada coas técnicas de análise.	A16		C6
- deseñar e desenvolver estratexias para a resolución de problemas.	A17		
- interpretar os datos e expresar os resultados analíticos.	A19		
- desenvolver unha actitude crítica no traballo experimental	A20		
	A22		
	A23		
	A26		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Técnicas electroanalíticas	Fundamentos das medidas potenciométricas Fundamentos das voltametrías e da polarografía Sensores electroquímicos Exemplos Exercicios numéricos
Tema 2: Técnicas cromatográficas	Fundamentos da cromatografía de gases Fundamentos da cromatografía de líquidos Exemplos Exercicios numéricos
Tema 3: Técnicas electroforéticas	Fundamento das técnicas electroforéticas Exemplos
Tema 4: Técnicas enzimáticas e inmunoquímicas	Fundamentos das técnicas enzimáticas Fundamentos das técnicas inmunoquímicas
Prácticas de Laboratorio	Impartiranse 20 horas de laboratorio onde se realizarán prácticas que, dentro das disponibilidades de infraestrutura da Facultade, abordarán os temas máis relevantes dos impartidos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas de laboratorio	A7 A16 A17 A19 A20 A22 A23 A26 B3 B4 B5 C3 C6	20	10	30
Proba mixta	A7 A20 A21 A24 B2 C1	3	0	3
Seminario	A15 A16 A20 A21 B1 B2 C7	7	24.5	31.5
Sesión maxistral	A7 A15 A21 A22 A23 A24 B3 C6 C7	21	63	84
Atención personalizada		1.5	0	1.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Realizaranse prácticas de laboratorio onde, dentro das disponibilidades de instrumentación e infraestrutura da Facultade, se vexan aplicacións das técnicas analíticas estudadas. Elaborarase un diario de laboratorio, para o que, baixo ningún concepto permitírase o uso de follas soltas, sendo un forte factor de penalización na nota final desta parte.



Proba mixta	Realizarase unha proba para avaliar os coñecementos adquiridos e o seu manexo. Nesta proba haberá cuestións de tipo teórico e exercicios numéricos, as cais avaliarán os contidos das sesións maxistrais e seminarios. Ao finalizar os primeiros temas farase unha proba que permitirá ao alumno liberar materia (caso de que a supere) na primeira proba oficial.
Seminario	Procederase á resolución dalgúns dos problemas numéricos entregados previamente aos alumnos e que deberán ter traballado de forma individual, personal e previa aos seminarios
Sesión maxistral	Presentaranse as bases conceptuais de cada unha das técnicas analíticas empregadas. Explicando os principios físicos, biolóxicos ou físico-químicos nos que se basean as medidas. Discutiranse os principios da instrumentación e problemas habituais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Seminario	O alumno poderá resolver as dúbidas tanto durante as clases maxistrais como durante os seminarios. nembargantes, temén hay periodos de tutorías personalizadas, adicionalmente ás horas lectivas. O alumno con recoñecemento de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia será atendido en réxime de horas de tutorías (previa cita).

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A7 A16 A17 A19 A20 A22 A23 A26 B3 B4 B5 C3 C6	Avaliación diaria do traballo do alumno: actitude, orde, atención, corrección no traballo experimental. Avaliación ao final das prácticas: avaliación do diario de laboratorio (respostas ás cuestión relacionadas coas prácticas).	30
Sesión maxistral	A7 A15 A21 A22 A23 A24 B3 C6 C7	Actitude e participación na aula. Asistencia (polo menos ao 70%) ás clases	2
Seminario	A15 A16 A20 A21 B1 B2 C7	Actitude e participación na aula. Demostración de que se ten feito o traballo individual antes do seminario. Asistencia (polo menos ao 70%) aos seminarios. Realización dos traballos en grupo que se poideran asignar.	8
Proba mixta	A7 A20 A21 A24 B2 C1	Resposta ás cuestións teóricas. Grao de concreción e corrección na resposta. Realización correcta dos exercicios numéricos. Proceso de cálculo correcto e resultado final exacto.	60

Observacións avaliación



Para superar a materia plantéxanse dous requisitos básicos: (i) asistencia a tódalas actividades avaliadas e (ii) acadar unha cualificación mínima nas actividades avaliadas (5 puntos sobre 10). As probas mixtas consistirán en dúas partes, unha con cuestións teóricas e outra con exercicios numéricos, cada unha delas constitúe unha actividade avaliada. Para poder compensar algunha das partes haberá que acadar unha cualificación mínima de 4 puntos sobre 10 en cada unha delas. De non acadar a puntuación mínima nalgunha delas, no caso de que a media sexa superior ou igual a 5 (sobre 10), a asignatura figurará como suspensa (4).

A asignatura non será aprobada se o alumno mostra erros na formulación e cálculos químicos básicos (estequiométricos, axuste de equilibrios, ecuación de equilibrio, ecuación de Nernst, etc.).

Unha vez rematados os primeiros temas farase unha proba mixta voluntaria co obxectivo de que os alumnos que a superen podan reducir a cantidade de materia da que se examinarán na primeira oportunidade.

O alumno obterá a cualificación de Non Presentado cando teña feito menos do 25% das actividades avaliadas. Para superar a materia terán que facerse, e superarse, as prácticas de laboratorio.

As cualificacións das prácticas de laboratorio e dos seminarios conservaranse na segunda oportunidade de xullo. No caso de suspender as prácticas pola baixa calidade do informe, poderase mellorar a cualificación asociada con preguntas especiais na segunda oportunidade.

As cualificacións da proba mixta da segunda oportunidade (xullo) substituirán ás obtidas na proba mixta da primeira oportunidade (xuño), cos mesmos criterios. Polo que atingue aos sucesivos cursos académicos, o proceso de ensino-aprendizaxe, incluída a avaliación, refírese a un curso académico e, xa que logo, voltaría a comezar cun novo curso.

Os alumnos avaliados na segunda oportunidade só poderán optar á matrícula de honra se o número máximo destas para o correspondente curso non se ten cuberto na súa totalidade na primeira oportunidade.

O alumno con recoñecemento de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia será avaliado únicamente mediante as cualificacións obtidas nas probas obxectivas (75%) e nas prácticas (25%). Isto aplicarase a ámbalas dúas oportunidades

Fontes de información

Bibliografía básica	- RUBINSON, K.A.; RUBINSON, J.J. (2001). Análisis instrumental. Madrid, Prentice Hall - HARRIS, D.C. (2007). Análisis químico cuantitativo. Barcelona, Reverté - SKOOK, D.A.; WEST, D.M.; HOLLER, F.J. (1996). Fundamentos de química analítica (volumen 2). Barcelona, Reverté - CHRISTIAN, G.D. (2004). Química analítica (6a edición). México, McGraw Hill - CELA, R.; LORENZO, R.A.; CASAIS, M.C. (2002). Técnicas de separación en química analítica. Madrid, Síntesis - ANDRADE ET AL. (2017). Problems of Instrumental Analytical Chemistry. London, World Scientific Publication
Bibliografía complementaria	- KELLNER, R (Editor) (2004). Analytical chemistry. Winheim, Willey - SKOOG, D.A.; HOLLER, F.J.; NIEMAN, T.A. (2001). Principios de análisis instrumental (5a edición). Madrid, McGraw Hill

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química Xeral 1/610G01007
 Química Xeral 2/610G01008
 Química Xeral 3/610G01009
 Laboratorio de Química 1/610G01010
 Química Analítica 1/610G01011
 Química Analítica 2/610G01012
 Química Analítica Instrumental 1/610G01013
 Laboratorio de Química 2/610G01032

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Química Analítica Avanzada e Quimiometría/610G01015

Medio ambiente e calidade/610G01037

Observacións

Para

evitar os erros indicados na avaliación o alumno debería ter cursado, e superado, as asignaturas (alo menos) de: QA1, QA2, Laboratorio de Química e QAI1.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías